

# XEFATURA DO ESTADO

**17944** *LEI ORGÁNICA 6/2000, do 4 de outubro, pola que se autoriza a ratificación por España do Estatuto da Corte Penal Internacional. («BOE» 239, do 5-10-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O 17 de xullo de 1998, a Conferencia Diplomática de Plenipotenciarios, convocada para o efecto polas Nacións Unidas e reunida en Roma, adoptou o Estatuto da Corte Penal Internacional, que foi asinado por España, xunto con outros países, ó final da Conferencia, o 18 de xullo.

O Estatuto de Roma constitúe o colofón dunha serie de traballos e negociacións que coinciden na súa orixe, practicamente, co nacemento das Nacións Unidas e que, con intensidade variable, se sucederon ó longo do último medio século.

Así, tralos precedentes dos tribunais militares internacionais de Núremberg e Toquio, creados en 1945 e 1946 para xulga-los principais responsables alemáns e xaponeses acusados da comisión de «crimes contra a paz, crimes de guerra e crimes de lesa humanidade», a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou en 1948 o convenio para a prevención e sanción do delito de xenocidio e estableceu un comité especial para a elaboración do estatuto dunha xurisdicción penal internacional de carácter permanente, que chegou a preparar un proxecto entre 1951 e 1953.

A decisión do Tribunal de Xustiza da Haia de 1971 considerou que o convenio de 1948 contra o xenocidio era parte do dereito internacional consuetudinario. Posteriormente, a Resolución das Nacións Unidas, do 3 de decembro de 1973, declarou que os crimes contra a Humanidade serían perseguidos e non poderán quedar impunes. Este cúmulo de esforzos lexislativos, doutrinarios e xurisprudentes estableceu as bases para a efectiva protección dos dereitos humanos no ámbito internacional, rompendo con vellos dogmas do dereito penal, tales como o principio de territorialidade da lei penal, baseado na idea de soberanía nacional, que cede a un novo principio de xurisdicción universal.

Tralo final da guerra fría, a Asemblea Xeral volveu retoma-lo tema, encargándolle en 1989 á Comisión de Dereito Internacional a elaboración dos proxectos de Estatuto da Corte Penal Internacional e de Código de Crimes contra a Paz e a Seguridade da Humanidade. Estes proxectos foron presentados pola devandita comisión en 1994 e 1996, respectivamente, e, unha vez refundidos, ampliados e completados por un comité composto por representantes gubernamentais, constituíron a base de traballo da Conferencia Diplomática de Roma.

Paralelamente a este proceso, xurdiron nos últimos anos iniciativas de ámbito máis restrinxido, pero de gran importancia como precedentes da Corte Penal Internacional, como son os tribunais internacionais creados en 1993 e 1994 polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas para xulga-los responsables de viola-

cións graves do dereito internacional humanitario cometidas no territorio da ex-Iugoslavia e de Ruanda, respectivamente.

Todo iso conduciu a que a Conferencia de Roma, tras longas e intensas negociacións, puidese culmina-la elaboración do Estatuto, o texto do cal foi aprobado por 120 votos a favor, incluíndo tódolos países da Unión e a gran maioría dos países occidentais, 7 en contra e 21 abstencións.

O obxectivo que se persegue co Estatuto de Roma é a creación da Corte Penal Internacional, como instancia xudicial independente, aínda que vinculada coas Nacións Unidas, con carácter permanente e alcance potencialmente universal, que será competente para xulga-los crimes de maior transcendencia para a comunidade internacional no seu conxunto.

Dado que os catro tribunais penais internacionais que foron creados ata agora o foron para situacións concretas e con carácter temporal, a constitución dunha xurisdicción penal internacional con vocación de xeneralidade e permanencia supón un paso decisivo no desenvolvemento da orde internacional.

As características que concorren no Estatuto da Corte Penal Internacional permiten afirmar que con el se sentan as bases dun novo dereito internacional: máis humanizador, xa que busca a mellor protección do ser humano fronte ós ataques máis graves contra a súa dignidade esencial; máis integrador, ó lograr uni-las vontades dun elevado número de países con sistemas xurídicos e políticos moi diferentes entre si, e máis eficaz, ó dotarse a comunidade internacional dun novo instrumento encamiñado a garanti-la efectiva observancia das súas normas máis fundamentais.

II

Superando a dificultade que implica a diversidade de sistemas políticos e xurídicos entre os Estados participantes na Conferencia de Roma, o estatuto resultante das súas deliberacións é un texto completo que regula tódolos aspectos necesarios para a posta en marcha e o eficaz funcionamento da Corte Penal Internacional: o seu establecemento, composición e organización; o dereito aplicable e os principios xerais do dereito penal que teñen que inspira-la súa actuación; a delimitación das súas competencias, tanto desde o punto de vista material como espacial e temporal; a tipificación dos delitos e as penas que hai que impoñer, así como as regras para a execución destas; as normas procesuais e de funcionamento dos órganos xudiciais, e os mecanismos de colaboración cos Estados e con outros organismos internacionais para a mellor consecución dos obxectivos pretendidos.

Ademais, o Estatuto prevé que a regulación que contén sexa posteriormente desenvolvida mediante varios instrumentos normativos, en particular os elementos dos crimes, as regras de procedemento e proba, o Regulamento da Corte, o Acordo de relación coas Nacións Unidas, o Acordo de privilexios e inmunidades, os Regulamentos financeiro e de persoal, etc., todo o cal permitirá o correcto e eficaz funcionamento da Corte.

III

Formalmente, o Estatuto estrutúrase nun preámbulo e 128 artigos, agrupados sistematicamente en trece partes. Deste amplo contido, cabe destacar algúns aspectos como máis significativos.

A Corte nace como institución independente, aínda que vinculada co sistema das Nacións Unidas, dotada de personalidade internacional e coa capacidade xurídica necesaria para o desempeño das súas funcións. Terá a súa sede na Haia.

Consonte o principio de complementariedade, a Corte non substitúe as xurisdiccións penais nacionais. A xurisdicción da Corte só se exercerá de maneira subsidiaria, cando o Estado competente non estea disposto a xulgar uns determinados feitos ou non poida facelo efectivamente.

É importante sinalar que a Corte non é competente para xulgar Estados, senón persoas, nin tampouco para xulgar feitos illados, senón violacións graves do dereito internacional humanitario cometidas de maneira extensa ou continuada nunha situación dada.

No tocante á competencia material da Corte, o Estatuto límitaa ós crimes máis graves de transcendencia para a comunidade internacional no seu conxunto, entendendo por tales o xenocidio, os crimes de lesa humanidade, os crimes de guerra e a agresión. As tres primeiras categorías de crimes tipifícanse no propio Estatuto conforme as tendencias máis modernas do dereito internacional penal. Prevese a posterior redacción dun instrumento denominado elementos dos crimes, que precisará aínda máis o contido desas figuras delictivas, con obxecto de axuda-la Corte a interpretar e aplicar estes preceptos. Respecto do crime de agresión, a competencia da Corte queda adiada ata que, alomenos sete anos despois da entrada en vigor do Estatuto, unha conferencia de revisión adopte, por unha maioría especialmente cualificada, unha disposición que defina o devandito delicto e regule as modalidades do exercicio da competencia da Corte respecto del.

A xurisdicción da Corte será obrigatoria para os Estados partes, os cales aceptarán automaticamente esa xurisdicción polo feito mesmo de ratificaren ou se adheriren ó Estatuto. Así mesmo, a xurisdicción da Corte pode estenderse a outros Estados non partes cando estes aceptasen a competencia da Corte por tratarse dun crime cometido no seu territorio ou cometido por nacionais deses Estados, ou ben cando o Consello de Seguridade así o determinase en virtude das súas atribucións consonte o capítulo VII da Carta das Nacións Unidas. No tocante ó ámbito temporal da competencia, o Estatuto establece expresamente que non terá efectos retroactivos.

A iniciativa da acción penal correspóndelle en exclusiva ó fiscal, unha vez que estea posto en marcha o mecanismo de activación da Corte por algunha destas tres vías: por impulso dun Estado parte; por impulso do Consello de Seguridade; ou por iniciativa do fiscal, sempre que conte coa autorización da Sala de Cuestións Preliminares. Non embargante, o Estatuto —co fin de garantir que a Corte non actuará máis ca nos casos en que os órganos xurisdiccionais internos non poidan ou queiran facelo— recoñécelle ó Estado que ten xurisdicción sobre os feitos amplas facultades para instar a inhibición do fiscal e para impugna-la competencia da Corte ou a admisibilidade da causa, coa única excepción dos casos en que o asunto lle fose remitido á Corte polo Consello de Seguridade. En tales casos, enténdese que prevalece o interese da comunidade internacional, en nome do cal actúa o Consello, en que se faga xustiza como medio para restablece-la paz e a seguridade internacionais nunha determinada situación. Pola mesma razón, recoñéceselle ó Consello de Seguridade no Estatuto a extraordinaria facultade de instar a suspensión das actuacións da Corte respecto dunha situación dada, se o entende como necesario en función da paz e a seguridade internacionais.

Como complemento das normas competenciais e procesuais, o Estatuto recolle no seu articulado unha serie de principios xerais do dereito penal que teñen que orientar a actuación da Corte: «nullum crimen sine lege»; «nulla poena sine lege»; irretroactividade «ratione personae»; responsabilidade penal individual; exclusión dos meno-

res de dezaioito anos da competencia da Corte; improcedencia de toda distinción baseada no cargo oficial; responsabilidade dos xefes e outros superiores; imprescritibilidade dos crimes; elemento de intencionalidade; circunstancias eximentes de responsabilidade penal; erro de feito e de dereito, e cumprimento de ordes superiores e disposicións legais.

Organicamente, a Corte —que ten como idiomas oficiais os mesmos cás Nacións Unidas: árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso—, estrutúrase na Presidencia, as Seccións, a Fiscalía e a Secretaría.

Así mesmo, e xunto ós órganos xudiciais e á Secretaría, o Estatuto recoñece importantes funcións a unha Asemblea dos Estados Partes, á que lle corresponderá, entre outros cometidos, os de adoptar-los instrumentos de desenvolvemento do Estatuto e as eventuais reformas a este, elixir maxistrados e fiscais, aproba-lo orzamento da Corte e as normas de execución orzamentaria, supervisa-la xestión administrativa e financeira, así como guía-la relación da Corte coas Nacións Unidas e con outras instancias internacionais e asegurarse de que os Estados cooperan efectivamente coa Corte cando esta solicite a súa colaboración.

En canto á estrutura e ó desenvolvemento do proceso, combínanse técnicas do dereito anglosaxón e dos dereitos continentais, aproveitando tamén as experiencias dos tribunais internacionais «ad hoc» xa existentes. O Estatuto configura un sistema de dobre instancia, unha vez concluída a fase de instrución.

En canto ás penas, o Estatuto establece que a Corte lle poderá impor á persoa declarada culpable unha pena de reclusión por un número determinado de anos que non exceda de trinta ou, en casos excepcionais, a reclusión a perpetuidade, cando o xustifiquen a extrema gravidade do delicto cometido e as circunstancias persoais do condenado. Ademais, a Corte poderá impor multas e o comiso do produto e dos bens procedentes do crime, sen prexuízo dos dereitos dos terceiros de boa fe. As penas privativas de liberdade cumpríranse nun Estado designado pola Corte en cada caso, sobre a base dunha lista de Estados que lle manifestasen a aquela a súa disposición a recibir condenados nos seus establecementos penitenciarios, dispoñibilidade que pode estar sometida a certas condicións.

Finalmente, o Estatuto regula as obrigas de cooperación internacional e de asistencia xudicial á Corte polos Estados partes, establecendo principalmente tres formas de cooperación: a entrega de persoas á Corte; o auxilio xudicial internacional, para a achega de documentos, realización de probas, etc., e a execución das sentencias da Corte, nos seus diversos aspectos. En caso de falta de cooperación dos Estados partes, a Corte poderá formula-la cuestión ante a Asemblea de Estados Partes ou ante o Consello de Seguridade, se este lle remitiu o asunto.

#### IV

De xeito diferente ós tribunais internacionais para a ex-Iugoslavia e Ruanda, que foron creados por resolucións do Consello de Seguridade, en virtude do capítulo VII da Carta das Nacións Unidas, a Corte Penal Internacional establécese sobre unha base convencional, mediante o tratado multilateral denominado Estatuto de Roma, celebrado baixo os auspicios das Nacións Unidas.

Segundo prevé o propio Estatuto nas súas cláusulas finais, o tratado está aberto á sinatura de tódolos Estados e está suxeito á ratificación, aceptación ou aprobación dos Estados signatarios, así como á adhesión de calquera outro Estado. Para a entrada en vigor do Estatuto requírese o depósito de sesenta instrumentos de ratificación, aceptación, aprobación ou adhesión. Mediante a esixen-

cia de que se reúna ese número de Estados ponse de manifesto o propósito de dota-la nova Corte do apoio e da lexitimidade suficientes para que poida actuar eficazmente en nome da comunidade internacional.

En España, o Parlamento manifestou o seu claro apoio ó proceso de elaboración do Estatuto en varias ocasións e, de forma moi particular, coa aprobación dunha extensa proposición non de lei na Comisión de Asuntos Exteriores do Congreso dos Deputados, de data de 24 de xuño de 1998, na que se fixaron pautas precisas para a negociación por parte da delegación española. Finalmente, o noso país subscribiu o Estatuto en Roma o 18 de xullo de 1998.

## V

En suma, o contido do Estatuto de Roma abrangue tanto os aspectos orgánicos, funcionais e procesuais da Corte Penal Internacional, como o alcance da súa xurisdicción, configurándose como un instrumento novo e independente, dunha trascendencia sen precedentes para a orde xurídica internacional. Esta lei orgánica vén a autoriza-la prestación do consentimento do Estado, de conformidade co previsto no artigo 93 da Constitución, para os efectos de ratifica-lo Estatuto. Esta autorización exprésase no único artigo que contén a lei, ó que se xunta unha declaración na que se manifesta a disposición de España a recibir persoas condenadas pola Corte nos establecementos penitenciarios do noso país sempre que a duración da pena de prisión imposta non exceda da máxima admitida pola nosa lexislación, declaración permitida expresamente no artigo 103 do Estatuto, ó tempo que necesaria polas previsións do artigo 25.2 da Constitución, que esixe que as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estean orientadas á reeducación e reinserción social do condenado.

En fin, mediante a ratificación do Estatuto que por esta lei orgánica se autoriza, España sitúase entre os países que contribuirán inicialmente, coa súa participación no proceso de institución da nova Corte e elaboración dos preceptivos instrumentos de desenvolvemento, ó establecemento dunha orde internacional máis xusta, baseada na defensa dos dereitos humanos fundamentais. O concurso activo na creación da Corte Penal Internacional é, así, unha oportunidade histórica para reitera-la firme convicción de que a dignidade da persoa e os dereitos inalleables que lle son inherentes constitúen o único fundamento posible da convivencia en calquera das estruturas políticas, estatais ou internacionais.

### Artigo único.

Autorízase a ratificación do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, asinado por España o 18 de xullo de 1998.

### Disposición adicional única.

Para efectos do previsto na letra b) do número 1 do artigo 103 do Estatuto, autorízase a formulación da seguinte declaración:

«España declara que, no seu momento, estará disposta a recibir persoas condenadas pola Corte Penal Internacional, coa condición de que a duración da pena imposta non exceda do máximo máis elevado previsto para calquera delicto consonte a lexislación española.»

### Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**18136** *REAL DECRETO LEI 9/2000, do 6 de outubro, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.* («BOE» 241, do 7-10-2000.)

Un dos principios básicos que debe informar toda política ambiental é o da prevención. Por esta razón, os sucesivos programas das Comunidades Europeas sobre ambiente viñeron insistindo en que a mellor maneira de actuar nesta materia é tratar de evitar, con anterioridade á súa produción, a contaminación ou os danos ecolóxicos, máis que combater posteriormente os seus efectos.

Neste sentido, a Directiva 85/337/CEE, do 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, representou o instrumento xurídico que mellor resposta daba a esta necesidade, integrando a avaliación de impacto ambiental na programación e execución dos proxectos dos sectores económicos de maior importancia, en consonancia co que establece o actual artigo 6 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, segundo o cal as esixencias da protección do ambiente deben incluírse na definición e na realización das demais políticas e accións da comunidade, co obxecto de fomentar un desenvolvemento sostible.

A citada directiva comunitaria considera, entre outros aspectos, que os efectos dun proxecto sobre o ambiente deben avaliarse para protexe-la saúde humana, contribuir mediante un mellor contorno á calidade de vida, velar polo mantemento da diversidade de especies e conserva-la capacidade de reprodución do sistema como recurso fundamental da vida.

A incorporación da Directiva 85/337/CEE ó dereito interno estatal efectuouse mediante norma con rango de lei, ó aprobarse o Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, do cal os preceptos teñen o carácter de lexislación básica estatal, a teor do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, sendo obxecto de desenvolvemento polo Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, que aprobou o regulamento para a execución do real decreto lexislativo citado.

Pola súa banda, as comunidades autónomas, de acordo coas competencias que lles recoñecen os respectivos estatutos de autonomía, desenvolveron a normativa básica de avaliación de impacto ambiental, ben mediante leis formais ou ben mediante disposicións regulamentarias, mesmo ampliando, en exercicio das citadas competencias, o ámbito material de aplicación da citada normativa.